



Decreto nº 109/2016.

**Don Jorge J. Tuñas Caamaño , Alcalde – Presidente do Concello de Negreira, na
Provincia de A Coruña**

Tras convocatoria publicada por a Deputación provincial no BOP número 75 do 21 de Abril onde se establecen as bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2016, e considerando de interese para este Concello de Negreira adherirse a dito programa tal e como se realizou o 12 de maio de 2016, e tendo en conta as bases reguladoras, resolvo:

**Primeiro .- APROBAR AS BASES DE BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN
LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS
MÍNIMOS MUNICIPAIS 2016.**

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais para os seguintes postos:

- 1 Peón Albanel.
- 2 Albaneis (Oficiais de primeira)
- 3 Peóns Xardineiros

Esta contratación encadrase no Programa de Integración Laboral para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a anualidade do 2016 publicada no BOP nº 75, publicado o día 21 de abril do presente ano. Pola que se aproban as bases do Programa denominado “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EJECUCIÓN DE OBRAS Y SERVICIOS MÍNIMOS MUNICIPALES DE LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANUALIDAD 2016” ó amparo do Art. 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril pola que se aproban as bases de réxime local e normativa complementaria onde se establece que as Deputacións Provinciais proporcionaran asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias.

A finalidade deste programa e a realización de determinadas obras e servizos todas elas en materia de servizos mínimos municipais, que son os servizos comunitarios básicos previstos no Art. 26 da Lei 7/1985 de bases do réxime local. As actuacións a desenvolver por dito programa serían as actuacións recollidas no punto c) limpeza viaria, as actuacións referidas no punto d) accesos a núcleos de poboación, as englobadas no punto e) pavimentacións en vías urbanas e as que teñen que ver co acondicionamento e mantemento de parques públicos, así como



calquera outra actuación que se defina como servizo mínimo municipal establecida en dito artigo.

2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

A duración do contrato laboral será de 5 meses, cunha xornada laboral completa e tendo en conta que o prazo límite de remate de ditos contratos será o 31 de decembro de 2016.

3.- PUBLICIDADE

A preselección dos candidatos farase unha vez presentada a oferta de emprego xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, e procederase á valoración dos participantes tal e como sinalan as bases no seu punto 3. Destinatarios do programa. A publicidade dos aspirantes farase no taboleiro de anuncios do Concello tras a notificación que ditos aspirantes recibiran da Oficina de Emprego Santiago Norte, onde se citarán para a realización dunha entrevista persoal no Concello de Negreira (Rúa do Carmen Nº3, 1ª planta) para completar a valoración dos preseleccionados.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e a os seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes. Estenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.

e.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf. 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

f.- Estar dado de alta no Servizo Público de Emprego como demandante de Emprego.

g.- Cumprir como demandante de emprego algunha das situacións recollidas no punto 3. das bases publicadas no BOP Nº75 do 21 de Abril de 2016;

a) Ser muller.

b) Maiores de 45 anos. (Acreditación co DNI)

c) Persoas con discapacidade aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente, unha discapacidade en un grao igual ou superior ó 33%, (esta acreditación será comprobada por os concellos no proceso de selección mediante a presentación do correspondente certificado de minusvalía).

d) Persoas desfavorecidas que estean en algunha das seguintes situacións; drogodependencias, vivir en un fogar onde ningún membro teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparentais e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou por cuestións socioculturais. (esta condición será acredita mediante informe da traballadora social ou mediante calquer outro documento que certifique esta condición)

e) Parados de longa duración; A efectos deste programa consideraranse parados de longa duración aqueles que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. (esta condicións será comprobada por o concello)

f) Persoas vítimas de violencia de xénero. (esta condicións será comprobada mediante copia da sentenza).

Todos os requisitos anteriores deberán terse antes do cruzamento da oferta no Servizo Público do SEPE. (Oficina de Emprego Santiago Norte). E serán verificados antes da contratación por parte da Deputación Provincial como entidade convocadora e financiadora de dito programa.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, e anotarse antes do cruzamento da oferta no mesmo organismo, na ocupación solicitada; “peón de obras públicas, en xeral” “Albanel, oficial de 1ª” e “Xardineiros, en xeral (axudante, auxiliar)” Unha vez remitidos os candidatos polo Servizo Público de Emprego, este organismo (ou por delegación o Concello) comunicarlle aos candidatos preseleccionados o día e a hora de presentación no Concello para a realización da entrevista persoal.

Xunto coa carta remitida polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse co DNI ou coa fotocopia compulsada do mesmo, así como a documentación que acredite algún dos puntos referidos no párrafo 3 “Requisitos dos aspirantes”, xunto coa tarxeta de demandante de emprego. Nese momento realizarase a entrevista persoal.

6.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES.-

A relación de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial, así como a puntuación obtida segundo o establecido na convocatoria



publicada no Boletín Oficial da Provincial no seu punto 3. destinatarios, onde se establece que as persoas a contratar por o concello deberán estar incluídas en algunha das situacións de exclusión laboral, ou dos puntos seguintes:

- Mulleres, ó ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade; aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente, unha discapacidade en un grao igual ou superior ó 33%, (esta acreditación será comprobada por os concellos no proceso de selección mediante a presentación do correspondente certificado de minusvalía).
- Persoas desfavorecidas que estean en algunha das seguintes situacións; drogodependencias, vivir en un fogar onde ningún membro teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparentais e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou por cuestións socioculturais.
- Parados de longa duración; A efectos deste programa consideranse parados de longa duración aqueles que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

A fase de oposición consistirá na verificación dos requisitos establecidos en dita convocatoria onde se outorgaran 2 puntos ós demandantes de emprego que acrediten algunha das condición referidas, tamén se establecerá 1 punto a aqueles participantes que acrediten haber rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou cofinanciados con Administracións Públicas.

Unha vez valorada esta condición pasarase á fase da entrevista persoal onde se establece unha puntuación máxima de 3 puntos.

8.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

Os tribunais, contarán cun Presidente (Manuel Antelo Varela, para a selección dos albaneis, como suplente Manuel Godón Sanandrés) e (Cristina Tomé Manteiga na contratación dos xardineiros, como suplente Ángel Manuel Blanco Sande), como Secretaria (Sonia Ponte Esturao, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, como suplente Sonia Nieto López) e dúas Vogais (Patricia Barreiro Casal e M^a Elena Buendía Pérez, como suplentes José Fernández Ponte e Francisco José Escudero Caamaño respectivamente como suplentes das vogais.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, ou no suposto



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf. 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

previsto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Negreira.

O tribunal disporá que nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan suscitar durante o desenvolvemento das probas.

9.- PUNTUACIÓN FINAL

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan as mellores puntuacións; na valoracións e na entrevista persoal.

Rematada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello a relación de seleccionados dos aspirantes que participaron no proceso.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o Tribunal formará a redacción de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo exceder estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de anuncios do Concello. Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados, tras a verificación por parte da Deputación Provincial das mencionadas condicións establecidas como requisitos do programa. Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha. Establecese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar contrato o seguinte candidato da lista con máis puntuación.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf. 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

11.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Negreira, con sede na Rúa do Carme nº3, onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consinten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei”.

Negreira, 31 de Maio de 2016.

O ALCALDE,

Asdo.: Jorge J. Tuñas Caamaño.

Segundo: Remitir á Deputación Provincial da Coruña, toda a documentación precisa, en tempo en forma.

Terceiro: Dar conta de este acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira, a 31 de maio de 2016.

Jorge J. Tuñas Caamaño.

O Alcalde.

